

Publicidade:



# Código Cero


Novas | Versión en español | Versión en portugués | Revista en papel | Top 100 | Nós

Buscar:

Buscar en Código Cero:

## Galizaelectronicana.com, novo espazo informativo na nosa terra sobre música alternativa

mércores 2 de abril do 2008, por [Fernando Sarasqueta](#) | [Enviar por e-mail](#) | 



**Na mesma sección**  
• [Chega a España a tenda de descargas para móbil de Sony Ericsson](#)  
• [Serafín Zubiri chega a Compostela para promover unha Sociedade do Coñecemento para todas e todos](#)  
• [Santiago acolle este martes a presentación do manifesto anti-crise de AETIC](#)

Co primeiro de abril xurdiron unha serie de importantes novidades na nosa Web, coma se estivesen en espera do bo tempo para agromar. Un destes lanzamentos en liña

vén da man dun grupo de seareiros/as galegos/as da música electrónica, para quen estaba claro que un dos moitos ocos que ficaba por encher no panorama dixital da nosa terra era este, precisamente, o da actividade musical alternativa despregada por DJs, músicos en xeral, artistas, salas de baile, pubs e afeccionados. Foi deste xeito como colleu corpo a páxina [Galizaelectronicana.com](#), un espazo que é un xeito de encher o devandito baleiro e tamén unha ponte (porque nace con vontade de unir ós seareiros e seareiras de todo o país) e mesmo unha plataforma de normalización do galego nestes ambientes. Máis non fica aí a cousa: quen queira estar informado polo miúdo dos sitios e das activades onde máis e mellor

música electrónica se escoite, xa pode ir gardando esta web en *Favoritos*.

A páxina, posta en marcha e mantida por Alberto (webmaster), Lorena, Iker, Estela e Gatinha (as tradutoras de textos ó galego) e Brath, ten o seu miolo no foro en liña, que non é outra cousa un espazo para establecer diálogo cos restantes internautas galegos afeccionados á electrónica. Amais de todo isto, a web inclúe interesantes seccións como reportaxes sobre artistas ou festivais senlleiros, guía de establecementos, novas, chat e mesmo un apartado para dar acubillo a biografías de DJs galegos e galegas.

Publicidade:





Descárgaa xa



**Grupo Código Cero Comunicación, S.L.**  
Rúa Conxo de Arriba 49- 1 C  
15706 Santiago de Compostela  
Teléfono-fax:981 53 02 68



Premio da Galeguidade 2007  
ó Medio de Comunicación



Galardón á Innovación Empresarial  
na categoría de Comunicación



Premio EGANET á Mellor Web de  
Medios de Comunicación